

## ENFIANDO

## VIVAS A COLUMBA



## Texto

Henrique Dacosta  
Escritor

## Fotografía

Jorge Sarmiento

En tempos de agudísima depresión como os que estamos a padecer, antólásenos máis que meritorio que emprendementos como os levados a cabo pola Sociedade Cultural Columba de Covas consigan chegar a bon porto. Con este propósito, invítoos a que peguen unha olladela á páxina web da entidade, [www.sociedadecolumba.com](http://www.sociedadecolumba.com), pois non se arrepentirán. Congratúlanos observar o entusiasmo e a entrega con que un elevado número de socios realizan tan importantes, así como interesantes, traballos, o que, dito doutro xeito, é unha forma enriquecedora e digna de facer país. E até nos atreveríamos a afirmar que se trata dunha das mellores formas de conseguilo.

O proxecto concreto de recollida da toponimia da parroquia de Covas (un dos seus traballos) preséntasenos como tarefa encomiable, tanto polo que ten de titánica como pola axuda que supón para o asentamento dos alicerces máis básicos da terra que pisamos. No limiar do libro "Os nomes de lugar", de Fernando Cabeza Quiles, o lingüista Gonzalo Navaza dinos o seguinte: "[...] os topónimos son a concreción lingüística da vinculación histórica dun pobo coa súa xeografía"; e máis no noso caso particular, isto é, no galego, pois dita vinculación figúrasenos especialmente singular.

Dun xeito técnico, acostúmase a falar de toponimia maior cando nos estamos a referir aos núcleos de poboación; ficando do lado da toponimia menor todos os nomes de lugar restantes, quérese dicir, ríos, montes, vales, regatos, fontes, penas, ribeiras, coídos, baixíos, etc. Así pois, no caso primeiro, acharíámonos con que en Galiza contamos con máis de 30.000 topónimos maiores, ou o que é o mesmo, máis de 30.000 núcleos de poboación—máis da metade de todos os de España—, se ben sobrepasarían os 35.000 segundo opinión do filólogo Elixio Rivas Quintas, autor da "Toponimia de Marín", para quen os topónimos menores é posíbel que ronden o millón e medio. Mírese como se mire, e como cabe entender, son cifras que nos sobrecollen. Tremendo xorne que temos os galegos!

O hábitat disperso que nos caracteriza, unha particular e caprichosa orografía, así como a partición da propiedade rústica até límites insospitados, e o modo tradicional dunha sociedade campesiña como a nosa, configuran este inmenso mosaico toponímico, febrez e pluriforme, inexistente noutros puntos da xeografía española. Mais nun mundo en transformación como no que na actualidade nos tocou vivir e en que o rural perde peso de maneira exponencial en beneficio dunha Ga-

liza urbana e, sobre todo, costeira, córrese un risco elevado canto ao que pode ser a perda deste legado secular, e moi a pesar de que moitos destes topónimos conviven connosco desde hai milenios.

É cousa sabida que cando un obxecto deixa de ter uso, por innecesario—pensemos en elementos tradicionais como o "mallo", mais tamén en utensilios ou ferramentas do mundo moderno, tal é o caso das "cassetes" ou dos "discos de longa duración" (LP)—, este acaba por desaparecer do noso campo conceptual. Xa que logo, o obxecto morre como tal ou, no mellor dos casos, pasa a facer parte do ámbito museístico ou cousa semellante. A lingua, pois que o seu comportamento é social, está viva e, de igual xeito que fai un ser vivo, experimenta mudanzas constantemente. Logo as palabras, ben por inanición, ben por unha distinta nutrición, acaban por finar ou por tomaren novos rumbos.

Os nomes de lugar, que dúbida cabe, están consolidados, na maior parte, desde hai moitísimo tempo. Non obstante, e no caso galego en particular, debemos considerar que a política lingüística uniformizadora a través das prácticas castelanzadoras teñen producido graves estragos, de cu-

xas consecuencias aínda non nos demos recuperado totalmente. Se a isto lle sumamos a deserción de moita xente do rural para as zonas urbanas, provocando que moitas aldeas e lugares fiquen deshabitados, as agresións provocadas polas concentracións parcelarias, así como as políticas urbanísticas de cemento e alcatrán que modifican os nosos viais, é sinxelo colixir que as feridas ou a morte subitánea de moitos topónimos ha de estar á volta da esquina. Pensemos, simplemente, en nomes tan grácicos, suxestivos e bonitos como O Inferniño e O Raposeiro, na nosa cidade. Canto máis poderán sobrevivir? Mellor dito, xurariamos que para as xeracións máis novas mesmo están perdidos. Poderíamos seguir enumerando moitos máis casos, tanto nomes de lugar urbanos como rurais, máis o espazo e o tema ocuparíannos demasiado.

É preciso, canto antes, afianzarnos o noso tecido toponímico, quer no caso da toponimia maior quer no da menor, sen dúbida o mellor camiño para que os nomes non perezan. Unha probábel discusión, poñamos por



caso, de se o topónimo Candeeira ou Candieira, Escorial ou Escorial se teña de fixar dun ou doutro xeito, viría a ser un problema menor, dado que a denominación perdura, está viva. O peor, sen ningún xénero de dúbidas, é cando a propia denominación deixa de existir, ou se se lle acaba dando outra diferente porque, por exemplo, alí había un bar ou unha discoteca que se chamaba desa maneira ou, en definitiva, porque alí hai embarcacións e a alguén se lle ocorreu un destes días que se ha de chamar Praia dos Botes, en vez de O Vilar, este último con centos de anos de vida, tal e como vén suceder, sen ir máis lonxe, na nosa parroquia. A memoria toponímica debe ser recuperada, e ha de selo da maneira máis fiel que se poida, nunca motivado por razóns falsas e espurias. Os propios do lugar, e nunca os alleos, e a poder ser os informantes máis vellos, son os que posúen a sabedoría das palabras, e os que mellor han de colaborar co estudioso no tema.

Atreviémonos a dicir que o traballo de recollida da toponimia de Covas vén representar o labor mellor acabado, sistemático e voluminoso de cantos se levan feito en toda Galiza. É por esa razón que desexamos felicitar á Sociedade Cultural Columba, porque se trata dunha magnífica iniciativa, a cal puido levarse a cabo dentro do Convenio de Colaboración que asinaron a Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal de Galiza e o Concello de Ferrol, é a través do "Proxecto Toponimia de Galiza", impulsado pola Xunta. E é que nuns tempos tan revoltos como os que estamos a vivir e en que a depresión económica mundial, ademais da política local, e até, en certo sentido, a vida social se ven abocadas a tantas estreitezcas, máis digno de aplauso se torna se cabe o traballo desenvolvido pola Sociedade Cultural Columba. A ampla oferta de actividades culturais, as publicacións (revistas e ensaios), investigacións arqueolóxicas, biblioteca, etc., reforzan aínda máis a nosa aseveración, xustificando mercedamente os nosos parabéns. Reiteramos, por iso, grandes vivas a Columba, e, ao tempo, non queremos deixar pasar por alto recomendarlles encarecidamente que visiten canto antes a súa interesante páxina web.

Arriba, acto de presentación do último número da revista cultural Columba